



Bibliotecas Públicas
Municipais

Premio Nacional Maria Moliner 2011

Lecturas ao sol!



*“Nunca é demasiado tarde
para crer na utopía”*
Gabriel García Márquez

Bibliotecas Públicas Municipais do Concello de Oleiros:

- * Biblioteca Central Rialeda. Perillo
- * Biblioteca Pública Municipal e Centro de Documentación da Muller Rosalía de Castro. Santa Cruz
- * Biblioteca Pública Municipal M^a José Trincado. Mera
- * Biblioteca Pública Municipal M^a José Ruso. Dorneda
- * Biblioteca Pública Municipal Manuel María. Oleiros
- * Biblioteca Pública Municipal Ánxel Fole. Nós
- * Biblioteca Pública Municipal Federico García Lorca. Montrove
- * Biblioteca Pública Municipal Xograr Mendiño. Lorbé

Catálogo do fondo bibliográfico:

<http://bmpg.rbgalicia.org/oleiros>

Visita o noso blog: <http://bibliotecasoleiros.blogspot.com>

Síguenos en twitter @ bibloleiros

Páxina web municipal: www.oleiros.org

Biblioteca Central Rialeda

Avda. Rosalía de Castro, 227A

15172 Perillo - Oleiros

Tel.: 981 639 511

Fax: 981 639 996

Correo electrónico: biblioteca.rialeda@oleiros.org

Depósito Legal: 1127-2014



Nesta época en que hai máis tempo libre, na que nos deleitamos co sol e o mar, desexamos compartir libros que nos agradaron. Presentamos esta selección de títulos para divertir e emocionar, reflexionar e aprender, mirar e observar, ver e escoitar. A escolla foi realizada por todo o persoal das bibliotecas, polo que nela figuran publicacións moi diversas. Trátase dunha escolma de obras para diferentes idades, distintos gustos, intereses e preferencias. Animamos a todas as persoas a que visiten as nosas bibliotecas, utilicen o servizo de préstamo e gocen coa lectura.

A clasificación que figura é:

INFANTIL E XUVENIL

- Poesía e teatro
- Libros de coñecementos
- Banda deseñada
- Libro-disco
- Libros para nenas e nenos **menores de 6 anos**
- Libros para nenas e nenos **de 6 a 8 anos**
- “ “ “ “ **de 8 a 10 anos**
- “ “ “ “ “ **de 10 a 12 anos**
- “ “ “ “ “ **de 12 a 14 anos**
- Novela xuvenil
- Álbum ilustrado para compartir

MOZAS/OS E ADULTAS/OS

- Banda deseñada
- Obras literarias
- Libros de coñecementos
- DVD
- CD



POESÍA E TEATRO

Bululú

Beatriz Giménez de Ory. Ilustracións de Mariona Cabassa. Faktoría K de Libros

Sonetos, romances e outras composicións que se axustan ás métricas tradicionais. Cantan as andanzas de Bululú, actor cómico que se remonta ao século XVI e que agasallaba ao público co seu humor. Fermosas e delicadas ilustracións de Cabassa.



Contatrás II-I

Paula Carballeira. Ilustracións de X. Carlos Hidalgo. Ed. Positivas

Fermosos poemas que ás veces son contos e outras xogos, pero sempre deixan un sorriso.

El elefante ha ocupado la catedral

Juan Mayorga. Ilustracións de Daniel Montero Galán. Veintisiete letras

Como pode colarse un elefante nunha catedral? Os habitantes do lugar, autoridades e turistas comezan unha viaxe cara ao interior do paquidermo para desvelar este absurdo e increíble suceso. Con textos áxiles e ilustracións moi divertidas achega de xeito doado ao xénero teatral.



Un niño no xardín

Xoán Neira. Ilustracións de Ánxeles Ferrer. Xerais

Un xardín cheo de poemas que cambian coas estacións do ano. O poemario de Xoán Neira, ademais de achegar a poesía aos nenos e ás nenas, ten como finalidade falar sobre a importancia da natureza, do ecoloxismo e da diversidade, porque os protagonistas dos textos son as árbores, os paxaros, as estacións e os fenómenos meteorolóxicos.



As redes de Inés

Elvira Riveiro Tobío. Ilustracións de Fino Lorenzo. Xerais

Inés é a protagonista deste poemario, unha redeira que herda e que leva baixo o seus ombreiros o pasado mariñeiro do pobo.



Retahílas de cielo y tierra

Gianni Rodari. Ilustracións de Tomás Hijo. SM


Poemas que emocionan cargados de cor, denuncia e humor.

LIBROS DE COÑECEMENTOS

99 preguntas para ingeniosos

Elsa Santaolalla. Ilustracións de Julio Serrano. SM

Divertido libro de preguntas e respostas, divididas en seis seccións. Cada pregunta ten tres posibles respostas e só unha correcta. Ao lado da resposta correcta vai unha breve explicación. Pon a proba os teus coñecementos!



Arroces: divertidos, fáciles, creativos

Miguel A. Caruncho e outros. Ouvirmos. Pertencente a unha colección de receitas infantís concibidas para experimentar en familia. Pensado dun xeito orixinal, con ingredientes básicos e explicadas de maneira sinxela. Apto para todos os públicos. Encadernado en tapa dura con fotografías dos pratos e unha disposición agradable de ler.

Busca los animales acuáticos

Pere Rovira. Ilustracións de Francisco Arredondo. Susaeta.

Un título máis desta colección para aprender e gozar buscando numerosos animais, persoas e obxectos que se agochan nas sorprendentes ilustracións.



Cola, papel y tijeras

Catherine Woram. Juventud

Debuxar, recortar, pegar, etc. Este libro reúne unha serie de traballos manuais para facer cos máis pequenos da casa. Con el aprenderán técnicas novas para crear figuras de papel, encolar, facer dobreces...

Egipto: un libro pop-up lleno de juegos, enigmas y sorpresas

Pau Joan Hernández. Ilustracións de Fernando Vicente. Combel

Este libro interactivo presenta xogos e enigmas para achegarnos ata as marxes do río Nilo, a cidade de Tebas, as pirámides e os xeroglíficos.



Emilia Pardo Bazán. Unha nena seducida polos libros.

María Xosé Queizán. Ilustracións de Ana Santiso. Xerais

A autora convidanos a percorrer a época en que viviu Emilia Pardo Bazán e achéganos á súa vida e obra dunha maneira sinxela e entretida. Incluíndo unha cronoloxía e unha escolma de textos que completan a súa biografía.



Enanos y mastodontes

Océano Travesía

Animais a tamaño natural. As extraordinarias fotografías e as páxinas despregables fan deste volume un libro espectacular. Oso, caimán, sapo, xirafa, elefante e moitos outros, no seu esplendor.

El gran libro sobre Roma

Pau Joan Hernández. Ilustracións de Jordi Vila Delclós. Combel

Libro interactivo co que poderás pasear pola rúa dunha cidade do imperio Romano, visitar unhas termas auténticas ou asistir a un espectáculo do Coliseo.

Huerto fácil con niños

Jordi Font. Ilustracións de Màriam Ben-Arab. Larousse

Horticultura para nenos/as. Manual para pór en marcha o teu propio horto e cultivar as patacas, tomates, leitugas, etc. Podes crealo na terraza ou no balcón da túa casa. E cando teñas a túa colleita, convida os teus amigos e as túas amigas a merendar.



Mate maldición

Jon Scieszka. Ilustracións de Lane Smith. Travesía Océano

As matemáticas están en todas partes, ao longo do día temos que resolver moitos problemas pero non nos decatamos. Un libro que desenvolve o pensamento matemático e axuda a entender e a gustar das matemáticas.

Matemática mente

Mike Goldsmith. Ilustracións de Seb Burnett. SM

Contén unha morea de datos interesantes sobre o mundo das matemáticas. Inclúe divertidas actividades, coas súas solucións, para estimular a mente e aprender gozando.



Niños como yo

Barnabas e Anabel Kinderley. Bruño.
Libro de gran formato, editado en colaboración con UNICEF, con magníficas fotografías e que fornece os valores da tolerancia, o respecto ao diferente e a riqueza da diversidade cultural do noso pequeno planeta



Pablo Picasso ¡Mira qué artista!

Patricia Geis. Combel

Da extraordinaria colección ¡Mira qué arte!, chéganos este volume dedicado ao pintor malagueño. Precioso libro para coñecer a Picasso e saber que é o cubismo. Atrévete con este libro e goza coa orixinalidade desta pintura tan peculiar.



Princesas, piratas y Cía. 24 disfraces para niños de 3 a 8 años

Annabel Bénilan. Larousse

24 disfraces infantís, bonitos e de fácil confección, cos correspondentes patróns a tamaño natural.

También fueron jóvenes

Jordi Sierra i Fabra. Bambú

Biografías de oito homes e dúas mulleres excepcionais que no seu momento foron rapaces e rapazas cargados de sonos, de creatividade e de imaxinación. Inclúe a biografía do propio autor, coa pequena anécdota de como un accidente infantil foi a causa de que hoxe sexa escritor.



Vamos de fiesta

Àngels Navarro. Combel

48 traballos manuais para que as nenas e os nenos personalicen e participen na organización das súas festas.

BANDA DESEÑADA

Las aventuras de Huk y Gluk: cavernícolas del Kung-Futuro

Dav Pilkey. SM

Volume de banda deseñada dos creadores do Capitán Calzoncillos. Huk e Gluk, son dous cavernícolas que se atreven a todo. Viaxan ao futuro, a través dunha máquina do tempo, para axudar aos habitantes de Nova York.



A fraga milmañas

Carlos Amil & Manel Cráneo. Demo Selección de historietas curtas de entre unha e dúas páxinas, que foron publicadas na revista “Golfiño” hai un tempo, e que narran as aventuras de Fonsa a raposa e o lobo Ferocio, que, en cada historia, inventan as súas artimañas para sobrevivir nunha fraga onde calquera cousa é posible.

Marieta: los recuerdos de Naneta

Nob. Dibbuks


Marieta (Naneta na vellez), é unha avoa con moitas gañas de vivir, e que de pequena, como ela di, tiña moita prisa por facerse maior. Marieta é capaz de provocarnos gargalladas e un minuto despois poñernos un nó na gorxa.

El monte de las ánimas

Gustavo Adolfo Bécquer. Guión e debuxos de David Rubín. SM

Adaptación ao cómic da obra El monte de las ánimas de Gustavo Adolfo Bécquer, unha historia que se desenvolve na noite de defuntos. Amor, fantasmas, vinganza... ingredientes para estremecerse cunha lenda terrorífica.





Un bico de amor e vida

Xosé A. Neira Cruz. Ilustracións de Enjamio. Colaboración da Real Filharmonía de Galicia. Galaxia.

Recreación do conto tradicional de A Sereíña de Andersen a cargo de Xosé A. Neira Cruz, coa colaboración da Real Filharmonía de Galicia quen puxo o marco musical (“Mares nocturnos”, de Manuel Balboa) e da voz da actriz de dobraxe María Inés Cuadrado. Historia de amor entre dous seres de mundos distintos co pano de fondo da traxedia do Prestige, que volveu negro o azul do mar.



Brinca vai!

Paco Nogueiras. José Miguel Saguillo. Ilustracións de David Pintor. Kalandraka

Se queres gozar todos os meses cantando e bailando unha canción diferente esta obra preséntache doce cancións para os doce meses do ano, con temas tan variados como a natureza, a amizade, as festas... Libro+disco+DVD e ademais gravado na Biblioteca Rialeada.

La Callas: una invitación a la ópera

Françoise de Guibert. Ilustracións de Nathalie Novi. Kókinos

A soprano que suscitou emocións extraordinarias protagoniza este fermoso libro que escolle os momentos cume de cinco óperas de Verdi, Bellini e Puccini. Poderemos descubrir a María Callas e á ópera italiana así como seguir as audicións coa letra de todos os fragmentos musicais do CD.

O carnaval dos animais

Camille Saint-Saëns, José Antonio Abad Varela. Ilustracións de João Vaz de Carvalho. Kalandraka

A humorística composición musical do autor parisiense nun fermoso álbum para os/as máis pequenos/as. Trece pezas breves dedicadas a diversos animais, reunidos para celebrar o aniversario do Rei León.



Deveribés

Mamá Cabra. Ilustracións de Marina Seoane. Galaxia

Libro-disco recompilatorio cos mellores temas de Mamá Cabra publicados por Galaxia. Tén doce cancións e un karaoke, para escoitar, xogar e sobre todo, bailar. A través da canle de Youtube de Sueños del Gatapedro, poderás seguir a súa proposta coreográfica.



O labrador a raposa e o lobo

Adaptación Xavier Senín. Ilustracións de Manuel Uhía. Letra e música Francisco Martínez Barreiro. Voces Teresa Santamaría e Francisco Martínez Barreiro. Galaxia

Había un home que estaba labrando unha veiga, pero o boi era un mangante e non quería traballar... Se queres saber como continúa este conto, podes lelo ou escoitalo neste libro-disco.



Xiqui xoque, fiú, fiú!

María Fumaça. Galaxia

Xiqui xoque, fiú, fiú! Así fai o tren cando vai pola vía . Este proxecto musical, dirixido por Uxía, conta coa colaboración de excelentes músicos coma Sérgio Tannus, Isaac Palacín, Santi Cribeiro, Héctor Lorenzo, Serginho Sales ou Magín Blanco (e con colaboradores de luxo coma Carlos Blanco ou o grupo Tanxarina), xunto con todas as persoas do colectivo María Fumaça.

Ademais das cancións cos seus clips correspondentes, hai algúns temas con pictogramas para que tamén poidan ler aquelas nenas e nenos que teñen dificultades.

LIBROS PARA NENAS E NENOS MENORES DE 6 ANOS

15 son quince

Àngels Navarro. Anaya

Son moitos os obxectos, máis de 180, que se agochan entre as páxinas deste libro. Verdadeiros tesouros feitos con materiais reciclados. Concéntrate, pon atención e... a xogar.



Boas noites, bufo!


Pat Hutchins. Kalandraka

Simpática obra que nos presenta a un bufo que quería durmir, pero como era polo día o resto dos animais facían ruído e non era capaz.

Os Bolechas: A Coruña e As Mariñas

Pepe Carreiro. Bolanda


Os Bolechas van de excursión pola Coruña e As Mariñas no globo da avoa do seu amigo Moncho para observar as aves. Que zona de Oleiros cres que visitarán?



Caramba

Marie-Louise Gay. Lata de sal

Caramba non sabía voar. A súa amiga Portia tampouco, pero ela era unha porca e as porcas non voan. Caramba non desexaba outra cousa na vida: quería voar coma os seus curmáns e amigos. Como todos os gatos... e no seu afán de ser como os demais, vai descubrir a súa verdadeira habilidade.





¿De qué están hechas las niñas flamencas?

Montse Ganges. Ilustracións de Susana Subirana. Combel

As nenas flamencas viven nun mundo de lunares e flores, de alegrías e cores, de corazóns e olas!, descobre o trago do flamenco, neste festival de pop-up, humor e poesía.

Do berce á lúa

Antonio Rubio. Ilustracións de Óscar Villán. Kalandraka

A estupenda colección Do berce á lúa concibida para iniciar aos máis pequenos na lectura, con títulos tan coñecidos como: Cinco, Crocodilo, Lúa, Miau e Paxariña de papel, acaba de aumentar coas novas obras Piñeiro, Zapato e Violín.



O emocionante día de Piti o caracol

Sandrine Lhome. Baía

Piti, o caracol, comeza un novo día cheo de aventuras, pero sempre coa compañía dos seus amigos.



Mi abuelo

Marta Altés. MacMillan

Un avó-oso e o seu neto-osiño quérense e pasan moito tempo xuntos. Ambos necesítanse, sobre todo porque o avó vai esquecendo cousas...

Mi pequeño mono

Ilustracións de Katie Saunders. Combel

Un libro de tea que é ao mesmo tempo un mono para abrazar. Divertido e diferente.

¡No!

Marta Altés. Thule

Un can moi feliz que pensa que o seu nome é No, por que será?

As noites de Xián

Concha Blanco. Ilustracións de Dani Padrón. Xerais

Xián é un neno que vive ao lado do mar, pero, un día ten que marchar coa súa familia a outro lugar sen mar e onde o bota de menos.

Quen lle ten medo á Carapuchiña Vermella?

Sara Sahinkanat. Ilustracións de Ayse Inan Alican. Linteo

Os lobos están fartos de ser os malos dos contos. A nai do lobiño vai aconsellar neste libro o seu fillo sobre como debe comportarse no caso de atopar a Carapuchiña Vermella ou o cazador.



La vaca en la baca

José Luis Berenguer Navarro. Ilustracións de Mónica Gutiérrez. Edelvives

Un paseo en coche coa vaca, a baca e a “albahaca” nun percorrido humorístico.



LIBROS PARA NENAS E NENOS DE 6 A 8 ANOS

Aquí hay monstruos

Jonathan Emmett. Ilustracións de Poly Bernatene. Maeva Young
A cobiza leva o capitán feroz a unha illa chea de pedras preciosas, aínda que a viaxe está cheo de perigos.



El caso de Lorenzo

Isabelle Carrier. Juventud
Precioso libro que axuda a entender que non todas as persoas son iguais. Libro recomendado pola FEAPS (Confederación Española de Organizacións en favor das persoas con discapacidade intelectual).

Crece cuentos: 10 cuentos para hacerse mayor

Carmen Gil. AnnaLaura Cantone. Parramón
A miúdo soñas con ser tan alto como papá ou mamá e gústache xogar a ser piloto, médico ou trapecista. Pero medrar non sempre é fácil...

Doña Eremita sobre ruedas

Escrito e ilustrado por Quentin Blake.
Ekaré

Divertido conto no que o autor fala da simpática e estrafalaria dona Eremita, unha señora maior á que lle gusta moito andar en bicicleta e, para mellorar os servizos que lle presta a súa bici, vaille instalando diferentes accesorios, sempre acompañada do seu fiel can Mambrú. Unha obra chea de humor cunhas graciosas ilustracións que van mostrando todos os detalles.



¡Esto es mío!

Elisenda Roca. Ilustracións de Cristina Losantos. Casals

Para mellorar as actitudes, superar obstáculos e reforzar valores de convivencia, este libro conta unha historia destinada aos máis pequenos da casa.

Un fogar para Estrela

Ánxeles Ferrer. Everest

A historia da cegoña Estrela ten un inicio moi triste cando os homes da vila destrúen o seu niño matando os seus pais e irmáns. Pero Estrela medrará chea de cariño grazas a Fada, unha rapaza que vive soa, quen se encargará de coidala ata que se faga maior e teña que emprender o seu propio voo. Un final feliz para un tráxico principio.



La gran aventura de Martín

Texto e ilustracións de Ángel de Pedro. Edimáter.

A Martín gústanlle as historias de aventuras e exploradores e decide irse de caza á África ecuatorial. Mais o contacto directo cos animais faille mudar de opinión: a relación con eles será distinta a partir desta experiencia. Libro que valora o respecto á vida e á natureza, así como a conservación dos espazos naturais.




¿Hay algo más aburrido que ser una princesa rosa?

Raquel Díaz Reguera. Thule

Esa é a pregunta que se fai a princesiña Carlota, por que todas as nenas queren ser princesas se é o máis aburrido que hai?

A historia dos bonobos con lentes

Adela Turín e Nella Bosnia. Kalandraka
Nova historia fabulada, das autoras de Rosa Caramelo e Artur e Clementina, que pretende pór en valor o rol feminino na sociedade. Lectura recomendada para educar na igualdade.



El ladrón de palabras

Nathalie Minne. Edelvives

Poucas cousas hai máis bonitas que as palabras! Iso é o que lle faltaba a este rateiriño de verbas, que necesitaba expresar todo aquilo que levaba dentro, como o amor...

El libro inquieto

Os Krickelkrakels. Kókinos

Un libro para todas as idades onde ti tes que facer a historia, de como unha ra atopa un ovo, fai unha torta, chega a Marte e atopa a dous namorados, entre outras sorpresas. Libro interactivo para ler en familia e pásalo moi ben.



Maxia

Charo Pita. Ilustracións Madalena Matoso. Oqo

Tía Elisa encárgalle a Óscar que coide do seu bebé, pero o neno ten fame e comeza a chorar...

Mishiyu

Ricardo Alcántara. Ilustracións de Rebeca Luciani. Combel


Mishiyu vive nun orfanato no que aprende a compartir xogos, coros e palabras pero tamén a loitar pola comida. Non ten a ninguén que lle brinde unha caricia cando chegan os pesadelos ata que Isabel decide adoptalo.



El museo

Susan Verde. Ilustracións de Peter H. Reynolds. RBA Serres.

Ir a un museo é moi divertido, está cheo de sorpresas, de emocións, de imaxinación. Un libro que amosa a amar a arte e que anima a visitar museos.



Un paseo polo parque

Anthony Browne. Kalandraka.

As familias Ferreiro e Ferrín coinciden no parque paseando os seus cans. Unha historia sobre os niveis de relación entre animais, nenos/as e adultos/as. De interese pedagóxico e estético pola calidade das ilustracións.



Rajá: el mago más poderoso del mundo

Carl Norac. Ilustracións de Aurélica Fronty. Edelvives

Un aprendiz de mago ten que superar múltiples probas para obter a credibilidade da súa familia e lograr o amor da súa amada. Álbum de gran formato con espléndidas ilustracións.

Seis barbudos

Mar Pavón. Ilustracións de Vitali Konstantinov. Oqo

Seis barbudos

entraron nunha panadaría.

O panadeiro caeu co susto...

Ás veces pódese xulgar a xente pola aparenza e iso pode ser enganoso.



Teño medo

Tim Bowley. Ilustracións de Alicia Baladan. OQO

Un neto e o seu avó contemplan o mar placidamente. O pequeno comparte os seus medos co avó, quen o axuda a superalos, nun lindo xogo de complicidades.

Titiritesa

Xerardo Quintiá. Ilustracións de Maurizio A. C. Quarello.OQO

Titiritesa é unha princesa que vive no reino de Trasantonte. A Titiritesa encántalle montar a cabalo, pero a súa nai non quere que teña cabalos, senón que se comporte como unha auténtica princesa e espere un príncipe con quen casar...

Velliñas

Charo Pita. Ilustracións de Fátima Afonso. OQO

É doado vivir con pouco para estas dúas velliñas, Antea e Filipa, que se teñen unha á outra e se procuran coidados. O texto de Charo Pita destaca o valor da vellez, recalcada coas ilustracións de Fátima Afonso.



Viaxes de inverno

María Canosa. Ilustracións de Dani Padrón. Everest Galicia

Fermosa obra que nos fala dunha pinga de auga bautizada co nome de Inverno.



Los zancos rojos

Éric Puybaret. Edelvives

Magnífico álbum ilustrado, de gran formato, que nos fala da importancia da solidariedade e da colaboración entre as persoas.

Marespuma é unha cidade edificada sobre a auga. Os seus habitantes para camiñar sen mollarse utilizan zancos. De todos, destacan os zancos de Leopoldo, que foron tallados en madeira dun álamo vermello, a árbore máis alta e sólida do país.

Fermosas ilustracións e un excelente texto no que o autor fala da soidade, da necesidade da sociabilidade, de colaborar cos demais e de compartir.



LIBROS PARA NENAS E NENOS DE 8 A 10 ANOS

A cociña de Toto Murube

José Antonio Ramírez Lozano.
Kalandraka

Toto é un mendigo que soña con ser un cociñeiro famoso. Só un amigo, mendigo coma el, daralle os ánimos necesarios para intentalo. Pouco a pouco, Toto demostrará que as súas receitas, non só son diferentes, senón que teñen maxia, imaxinación e están boísimas.



Cuentos silenciosos

Benjamín Lacombe. Edelvives
Cada páxina do libro ten un “pop up” que Lacombe dedica a un conto clásico. Na primeira páxina ábrese nunha fermosa flor onde dorme Polgariña, a enorme boca do lobo lévnanos á historia de Carapuchiña... e así ata 8 contos clásicos, coa excepción do “pop up” da ilustración central do libro no que aparece Naoko a protagonista do libro Los amantes Mariposa, escrito e ilustrado polo mesmo Benjamín Lacombe.



Darth Vader y su princesita

Jeffrey Brown. Planeta de Agostini
Criar e educar a unha filla e moi difícil, pero máis difícil é se es Darth Vader e tes que coidar á princesa Leia.

Descenso ao barranco do Demo

Víctor Raga. Xerais

Co señor Viramontañas, Martiño e Helena aprenderás a grande diversidade de paisaxes da Terra. Nunha grande aventura desde os mananciais do río ata a desembocadura no mar e o perigoso descenso polo barranco do Demo.

Un día na granxa

Víctor Raga. Ilustracións de Montse Español Rodié. Xerais

Unha entrega máis de O club da ciencia. Explora o mundo animal co señor Viramontañas. Ademais das aventuras de Helena e Martiño, poderás aprender moitas cousas relacionadas cos animais domésticos e a relación cos seres humanos. Inclúe un experimento para facer cos teus amigos e as túas amigas!

A pantasma da Casa da Matanza

Miro Villar. Ilustracións de Xosé Cobas. Biblos.

Premio da Asociación Galega de Editores ao mellor libro infantil e xuvenil do 2013. Deliciosa obra inspirada na poesía de Rosalía de Castro, pero principalmente no poema “Negra sombra”. É un conto rimado dunha pantasma, á que lle gusta a música, a danza e a poesía. Un día coñece a Rosalía e por iso decide quedar para sempre na Casa da Matanza, engaiolada coa musicalidade e o ritmo dos seus poemas. Todo o conto está acompañado das fermosas ilustracións de Xosé Cobas.



Gatos, espías y rollitos de primavera

Ana García Señariz. Ilustracións de Jordi Labanda. Destino

A Banda de Zóe inicia unha aloucada persecución con espías internacionais cando a súa profesora de francés desaparece.



Hilo de hada

Philippe Lechermeier. Ilustracións de Aurélia Fronty. Edelvives

Se queres acadar a maxia...segue o fío da fada. O seu autor di deste libro que é un manual para pescar a lúa, ler o futuro, escoitar a fala das árbores... Nada menos. Segue o fío da fada... e déixate engaiolar.

Un intruso en mi cuaderno

David Fernández Sifres. Ilustracións de Rafael Vivas. Edelvives

Alguén está a pintar bolboretas no caderno de Mariano e el quere descubrir de quen se trata. Historia tenra e sensible que fala (co fondo dunha enfermidade) da soidade, da esperanza e da amizade.



Mamá se va a la guerra

Irene Aparici Martín. Ilustracións de Mónica Carretero. Cuento de la luz

Como explicar a unha nena ou a un neno a enfermidade: o cancro, que é, e como se supera.

O monstro das profundidades

Manuel Uhía. Everest Galicia.

Nunha pequena vila da costa galega, unha das dornas non volveu ao porto logo da xornada. Algo misterioso fixo envorcar a barca e Manolo perdeu a vida. Desde ese día, Noliño, fillo do mariñeiro desaparecido, non deixa de pensar na desgraza e teima por pescudar a causa da morte do seu pai. Un texto que mestura misterio e aventura cun gran contido afectivo.



El país de Jamás lo Creerás

Norman Messenger. SM

Este insólito país non deixará de sorprenderte. Trátase dunha illa con forma de can chea de cousas extraordinarias. Se non coñeces a árbore “chocolateada”, a ra “inflaforme”, a “dobrevaca” de nata e outros divertidos e asombrosos seres, atrévete con este fermoso álbum.



Universo Pitágoras

Rocío Leira Castro. Ilustracións de Xosé Tomás. Biblos

Xiana é unha nena que aborrece os números, pero un día vese atrapada nun emocionante universo matemático. Para escapar dese mundo ten que poñer a proba a súa intelixencia, resolver probas, misterios e variados enigmas. Axuda á protagonista a regresar á súa casa.



As viaxes de Ruki

Ramón Caride. Ilustracións de Manolo Uhía. Xerais

Divertida obra na que a través da visita a outros planetas podemos ser máis conscientes dos problemas que afectan ao noso.

LIBROS PARA NENAS E NENOS DE 10 A 12 ANOS



O caderno de Ánxela

Raquel Ricart Leal. Ilustracións de Pablo Otero Rodríguez (Peixe). Galaxia *A unha nena adoptada, de orixe chinesa, recibe un caderno de agasallo polo seu aniversario e nel vainos narrando as súas vivencias. Figura na Lista White Raven dos mellores libros infantís do mundo.*

A complicada vida de Bieito Viqueira

Antonio Yáñez Casal. Ilustracións de Fernando Llorente. Tambre *Bieito Viqueira ten unha familia diferente, uns amigos con gustos extravagantes... o que lle causará máis dun problema.*

Diario de Greg 7: buscando plan...

Jeff Kinney. RBA

Outra divertida historia de Greg. Esta vez será o baile de San Valentín do colexio o que preocupará a Greg, xa que todos os seus compañeiros teñen xa plans menos el e "todos os pringaos".



Diario de Nikki 5: una sabelotodo no tan lista

Rachel Renée Russell. RBA

Nikki ten unha nova personalidade oculta, é "Señorita Sabelotodo", a famosa e anónima conselleira do periódico do instituto, pero os seus sabios consellos vanlle ocasionar máis dun problema.

Estoy detrás de ti y otros cuentos de terror

Manuel L. Alonso. Ilustracións de Alfredo Cáceres. SM

Seis relatos de terror protagonizados por nenos/as. Accións que forman parte da vida diaria de calquera de nós, como aquelas experiencias que contamos de nenos, uns aos outros, para asustarnos e que nos causaban certo desacougo...



Fío vermello

An Alfaya. Xerais

Novela de personaxes que nos falan do amor, a superación, a amizade e a tenrura.


El galáctico, pirático y alienígena viaje de mi padre

Neil Gaiman. Ilustracións de Skottie Young. Rocaeditorial.

Se quedas só co teu pai e el esquecese do leite e ten que saír a mercado, pero, que pasa se o teu pai ten unha imaxinación desbordante?, pois que a viaxe convértese en galáctica, pirática e alienígena.

Me parto

James Patterson e Chris Grabenstein. Ilustracións de Laura Park. La Galera *Jamie Grimm é orfo e anda nunha cadeira de rodas. A súa vida é triste, pero el sabe que coa risa pode vencer todos estes contratempos. O seu humor é unha arma moi poderosa que o axuda a superar todos os obstáculos que a vida lle pon.*



Moribitó: el guardián del espíritu

Nahoko Uehashi. SM

Primeiro título da serie Moribitó que recrea as aventuras dunha lanceira experta en artes marciais que se gaña a vida como gardacostas.



Piratas en zapatillas

Teresa Broseta. Ilustracións de Rodrigo Luján. Algar.

Ana, Bea e Adrián reciben un valioso regalo de Bruno, o quiosqueiro da esquina, a quen acaban de perder: unha caixa do tesouro con pistas para atopalo. Grazas ao regalo do vello Bruno, os tres amigos farán sorprendentes descubrimentos.



Prohibido leer a Lewis Carroll

Diego Arboleda. Ilustracións de Raúl Sagospe. Anaya

Este libro é a historia da institutriz Eugéne Chignon que viaxa a Nova York para coidar de Alice. A nena ten auténtica paixón polo mundo creado por Lewis Carroll e os seus pais prohibíronlle ler as súas obras. A institutriz terá que impedir que a nena coñeza a auténtica Alicia que inspirou a Carroll, que se atopa de paso na cidade.

Robinson contado polas alimarias

Marilar Aleixandre. Ilustracións de Federico Delicado. Oxford

Os animais teñen a palabra. O impacto da chegada do coñecido náufrago á illa, bautizado polas alimarias co nome de Tinga. Espléndida narración dos encontros e desencontros con este “intruso”, xunto á presenza dunha natureza desbordante e as lendas milenarias de Cururú.

Soños de fútbol en Bangui

Yves Pinguilly. Ilustracións de Laurent Corvaisier. Galaxia

Zangba ten 15 anos. O seu don é xogar moi ben ao fútbol e o seu soño, xogar na selección do seu país. Abondará con isto para ser elixido e levar a camisola nacional? O fútbol será só fútbol, ou haberá outros “méritos” que inflúan na decisión do adestrador?

Sputnik

Bettina Obrecht. Ilustracións de Sabine Kranz. Takatuka

Tres rapaces coñecen a Sputnik, un rapaz un tanto extraño que di que é extraterrestre, pouco a pouco vanse facendo amigos e descubren novos aspectos sobre a amizade, a solidariedade, a respectar os demais aínda que sexan diferentes e a valorar este planeta e os outros afastados. Ata que interveñen os adultos e todo se complica...





A verdadeira historia da mosca da tele

María Solar. Ilustracións de Ana Francisco e Jorge Vázquez. Galaxia
Unha historia divertida e moi pouco particular, que nos vai servir para acompañar a mosca da tele desde os estudos da televisión en Galicia á televisión do Caribe. Unha viaxe zoolóxica e zoo-ilóxica do máis divertida. Premio Frei Martín Sarmiento 2014 como mellor libro infantil.

LIBROS PARA NENAS E NENOS DE 12 A 14 ANOS

Bolas locas

Betsy Byars. Noguer

Esta é a historia de tres nenos que acaban na mesma familia de acollida. Coñecen a soidade, séntense abandonados e ignorados polos seus pais. E responden a esta situación con rebeldía, resignación e tristeza.

O caso máis estraño do detective Marschen

Xavier Frías Conde. Ilustracións Enrique Carballeira. Galaxia

Libro formado por 13 relatos do máis diverso, desde historias de pantasmas ata outras de androides, pero todas cun final sorprendente.

El extraño

Jordi Sierra i Fabra. Ilustracións de María Hergueta. Anaya

Daniel narra as difíciles circunstancias que ten que vivir. Seu pai está no cárcere e, á penosa situación económica, hai que engadir a asfixiante ditadura na que vive sometido o seu país. A chegada dun inquilino á súa casa vai dar lugar a un montón de cambios...

Ludwig y Frank

David Nel-lo. Ilustracións de Gustavo Roldán. La Galera

Ludwig Grossfuss e Frank Underwood son dous nenos moi diferentes: un alemán, o outro inglés, un rico e o outro pobre. Dous mundos moi diferentes que se acaban cruzando. Historia divertida e emocionante dunha amizade que naceu por casualidade.





Me llamo Suleimán

Antonio Lozano. Anaya.

Suleimán, canso da terrible situación de pobreza que vive no seu país, Malí, decide marchar co seu amigo Musa á próspera Europa. Alí esperan traballar e conseguir suficiente diñeiro para volver ao seu país e montar negocios para mellorar as súas vidas e a das familias, pero a viaxe tórnase dura e difícil.

A neve e o lume

Chelo Suárez. Ilustracións de Calros Silvar. Baía

Novela gótica protagonizada por Negra-neve, a filla da cocíneira e do leñador da Grande Mansión dos Amos. Un castelo encantado, seres fantasmais, espectros malignos que queren impoñer o seu sometemento. Unha moza que se subleva contra esta tiranía...



La niña que recorrió Tierra Fantástica en barco hecho por ella misma

Catherynne M. Valente. Noguer

É un libro feito para gozar pola súa orixinalidade, a maxia das súas historias e polo ímpeto aventureiro da protagonista. Recomendado para os/as que lles gusten os libros de fantasía.

Ouro negro

Pereledi. Ilustracións de Andrés Meixide. Everest Galicia

Unha desacougante mensaxe chega ao móbil da inspectora Nola: alguén secuestrou a parte da súa familia, e ten que seguir ao pé da letra as súas instrucións se quere volver a velos. Vibrante aventura chea de sorpresas. Non a perdas!

NOVELA XUVENIL

13 perros

Fernando Lalana. Casals

Esta obra é moito máis que unha comedia de detectives, é unha brillante homenaxe ao cine negro e ás novelas de espías.

Abrazos

Daniel Nesquens e Rafa Vivas. Algar
Novela epistolar contemporánea na que os protagonistas, Daniel e Rafa (nomes tamén dos autores do libro) intercambian vivencias, preocupacións, inquedanzas a través de correos electrónicos. Salvan a súa soidade cunha amizade entretecida de palabras.



Un balón por una bala

Rafael Salmerón. SM

A durísima realidade dun país en guerra que recruta os seus fillos máis pequenos para loitar entre si. Un futbolista de éxito que regresa a ese país para dar futuro e esperanza a eses cativos forzados a morrer. Un deporte que pode achegar vontades e axudará a curar feridas. Un libro para un ano de mundial...



O códice do Santo Lugar

Pere Tobaruela. Xerais

O roubo dun códice e a súa recuperación centra a historia desta novela curta ambientada na Idade Media. Acción trepidante páxina tras páxina, protagonizada por un mozo, Diego Xelmírez, que ten que actuar entre Santiago, Toledo e as terras de Iria.



Corazón

Edmondo De Amicis. Positivas

“Corazón” é o diario de Enrico no que conta o que sucede durante o ano escolar: anécdotas, vivencias, sensacións... Esta novela reflicte o mundo da infancia da época e rescata valores universais como a amizade e a solidariedade. Unha obra clásica da lingua italiana traducida a numerosos idiomas, neste caso ao galego.



Cuentos de muerte y demencia

Edgar Allan Poe. Ilustracións de Gris Grimly. Nórdica Libros

Os magníficos relatos de Poe complementáanse coas terroríficas ilustracións de Grimly.

Divergente

Verónica Roth. RBA

Un mundo futuro ten a poboación dividida en 5 faccións, grupos de persoas cuns valores culturais, relixións e condutas diferentes. Os adolescentes que cumpren os 16 anos teñen a opción de elixir entre seguir na súa facción ou escoller outra, para o cal teñen que pasar por unha Proba de aptitude.



Marxinados

Pepe Carballude. Galaxia

Unha historia fermosa e emotiva de nenos/as e adolescentes que viven nun centro de menores. Vitor Antelo, estrela do baloncesto, regresa ao fogar de menores, onde pasou parte da súa vida, para traballar como educador. Alí atópase coa vida diaria de rapaces e rapazas que loitan por sobrepoñerse á realidade das familias que teñen fóra e á incerteza do futuro. Un conmovedor libro que nos fai reflexionar, que chega ao corazón e que non deixa indiferente a ninguén.

O neno can

Fina Casalderrey e Francisco Castro. Ilustracións Patricia Castelao. Galaxia *Relatos sobre os dereitos da infancia. Historias de nenas e nenos que teñen que loitar para sobrevivir nun mundo adverso. Unha obra que aposta pola xustiza e a liberdade. É un libro a favor de UNICEF que entrou en 2013 na Lista do Centro IBBY de Documentación para nenos con dificultades especiais. Premio Frei Martín Sarmiento 2014 como mellor libro xuvenil.*

Pulsaciones

Javier Ruescas e Francesc Miralles. SM

Novela xuvenil que gustará especialmente aos amantes do romance. Destaca pola orixinalidade do seu formato, porque toda a narración está elaborada a través de mensaxes instantáneos de móbil.

El secreto del amor


Daniel Blanco. Montena

Esta novela foi gañadora do Premio Jaén de Narrativa Juvenil 2012. Unha historia de amor, aventuras, maxia e intrigas cortesás que transcorren no reino ficticio de Edom.

Silencio

Fran Alonso. Xerais

Un xornalista galego ten que emigrar a Madrid en busca de traballo. Alí aluga un piso vello, pero da vivenda do lado chegan estraños rúidos. Unha novela de suspense a través dunha atmosfera intrigante.





Trampa de luz

Agustín Agra. Xerais

Unha novela de misterio, mesturada cun fondo de investigación biolóxica, que atrae ao público xuvenil a través de seres e obxectos fantásticos que ofrecen unha aparencia de normalidade.

ÁLBUM ILUSTRADO PARA COMPARTIR

Besos

Goele Dewanckel. Kókinos

Fala de todo tipo de bicos: de pais e fillos, de namorados, de animais, de avós e netos...



Quando las casas regresaron flotando

Einar Turkowski. Libros del Zorro Rojo

Cada debuxo deste álbum está pensado para suxerir unha historia no espectador.

Eloísa y los bichos


Jairo Buitrago e Rafael Yockteng. El Jinete Azul

Unha nena múdase a unha nova cidade onde todo lle resulta estraño.

Elvis

Tai-Marc Le Thanh e Rébecca Dautremere. Edelvives

Elvis Presley protagoniza este álbum onde os textos rivalizan coas ilustracións.



Lisboa

David Pintor. Kalandraka

Paseo ilustrado por Lisboa.



La montaña

Einar Turkowski. Libros del Zorro Rojo

Din que a Montaña non trae máis que desgrazas para os que se atreven a transitala, pero aínda así sempre hai alguén que se sente atraído...



Palabras

Jesús Marchamalo e Mo Gutiérrez Serna. Kalandraka

Álbum poético e suxestivo onde as palabras son as protagonistas absolutas.

El pastor, las ovejas, el lobo y el mar

Einar Turkowski. Libros del Zorro Rojo

Unha idea orixinal sumada a unhas extraordinarias ilustracións dan como resulta.

BANDA DESEÑADA PARA MOZAS/OS E ADULTAS/AS

Aventuras de Cacauequi

Jacobo Fernández Serrano. El Patito Editorial

Da man de Cacauequi coñecemos personaxes surrealistas, lendas e mitos, todo un mundo desbordante de imaxinación que lle valeu ao seu autor o Premio Castelao de Banda Deseñada.

Beowulf

Santiago García, guión; David Rubín, debuxo. Astiberri

Un terrible monstro, Grendel, chega ao reino dos daneses. Un heroe, Beowulf, chegará para salvarlos. Impactante adaptación do clásico poema épico anglosaxón.



Os días do cometa

Manolo López Poy, guión; Miguel Fernández, debuxo. Demo

Un cómic de xénero negro ambientado no mundo do narcotráfico da Galicia dos oitenta.

Enjambre

VV.AA. Norma

Antoloxía de cómics escritos e debuxados por algunhas das mellores autoras nacionais e internacionais.



El garaje hermético

Moebius. Norma

Somérxete no universo delirante e onírico do garaxe hermético, un mundo de ciencia-ficción que revolucionou a historia do cómic nos anos 70.

La insólita amargura del pastel de limón

Aimee Bender. Lumen

Unha historia narrada desde a perspectiva dunha nena, Rose, unha nena feliz e sociable, pero que, un día proba a escondidas un anaco de pastel que súa nai coñeceu para o seu aniversario e este curioso incidente vaina facer cambiar.



El libro de los insectos humanos

Osamu Tezuka. Astiberri

Toshiko Tomura triunfa en todas as artes que practica: teatro, deseño, literatura... mais é o seu un talento “especial”: aprópiase das vidas alleas para acadar o éxito.

Mensaxes

Mariano Casas. El Patito Editorial

Unha parella pasa as súas últimas horas de vida narrando o que lle está a suceder...

Ojo de halcón: seis días en la vida de...

Matt Fraction, guión; David Aja, debuxo. Panini

Aventuras en solitario do arqueiro máis famoso dos Vengadores, Clint Barton.



Operario

Alejandro Viñuela Agra, Jano. Demo
Unha historia sen verbas, baseada na forza das imaxes, móstranos a deshumanización que ás veces presenta a nosa sociedade.

¿Quién le zurcía los calcetines al rey de Prusia mientras estaba en la guerra?

Zidrou, guión; Roger Ibáñez, debuxo. Norma

Unha historia vitalista de amor e coraxe, a historia dunha nai, Catherine, e a do seu fillo, Michele, un home que volve ser un neno tras un accidente de tráfico.



Ragemoor

Jan Strnad, guión; Richard Corben, debuxo. Norma

O desacougante castelo Ragemoor, unha familia condenada pola loucura... unha historia gótica que atrapa ata o final.





Los surcos del azar


Paco Roca. Astiberri

Novela gráfica que narra a historia dos exiliados republicanos españois que liberaron París dos nazis durante a Segunda Guerra Mundial.

Vapor

Max. La Cúpula

Humor e filosofía acompañan a Nicomedeo no seu retiro á soidade dun deserto na procura de sentido da súa existencia.



Vida de nai

Gemma Sesar, Ramón Marcos e Jorge Castelli. El Patito Editorial.

Unha nai de dous nenos explica a súa vida diaria: tentar compatibilizar o aspecto laboral co familiar no momento máis duro da crise. Historia social con realismo e humor, magnificamente debuxada e cun texto no que poden verse identificadas unha chea de persoas.

El Zen de Steve Jobs

Caleb Melby. Anaya

Narra a historia da relación de Steve Jobs con Kobun Chino Otawa. Avanza e retrocede no tempo desde os anos 70 ata o 2011, pero céntrase no período transcorrido tras o exilio de Jobs de Apple en 1985.

OBRAS LITERARIAS PARA MOZAS/OS E ADULTAS/AS

14

Jean Echenoz. Anagrama

Unha novela sobre a Gran Guerra cen anos despois.



40 anos daquel Abrente


Manuel Domínguez Quiroga... [et al.]. Xunta de Galicia

10 textos teatrais de autores galegos.

Acordes nauífragos

Antón Riveiro Coello. Galaxia

Libro de relatos onde está presente a traxedia do naufraxio.



El amor imperfecto

Sara Rattaro. Duomo

O amor imperfecto fálanos de situacións do día a día, da dificultade que supón tomar decisións que non só afectan a un mesmo, senón a todos os que nos rodean. A vida de Alberto e Sandra dará un xiro inesperado cando a súa filla Alice desaparece.



La analfabeta que era un genio de los números

Jonas Jonasson. Salamandra

Un grande éxito literario. Unha historia chea de humor, tenrura e esperanza, onde unha nena negra nos anos do Apartheid aprende a contar limpando latrinas e como chega a aprender física nuclear.



Ánima

Wajdi Mouawad. Destino

Ao protagonista mátanlle a súa muller dunha forma moi violenta, a partir dese momento el buscará o asasino en zonas fronteirizas, en reservas indias, non por afán de vinganza senón por supervivencia.

Antigua luz

John Banville. Alfaguara

“Billy Gray era mi mejor amigo y me enamoré de su madre”, así empeza esta estupenda novela do escritor irlandés coñecido tamén como Benjamin Black no eido da novela negra, a quen lle foi concedido o Premio Príncipe de Asturias das Letras 2014.

Bajo el cielo de Greene Harbor

Nick Dybek. Salamandra

Primeira novela do autor. Un acontecemento no que se ve envolto o protagonista na súa adolescencia volve unha e outra vez a súa mente, unha decisión tomada hai tempo terá consecuencias ao longo da súa vida. Desavinzas familiares, traizóns, problemas económicos e laborais dun pobo, decisións que marcan o devir dunha comunidade, son algúns dos ingredientes desta novela de suspense psicolóxico.

El barco faro

Siegfried Lenz. Impedimenta
Anos despois do final da Segunda Guerra Mundial os tripulantes dun barco anti-minas atópanse cunha embarcación avariada e o capitán permite que suban a bordo tres homes cun cargamento de armas ilegais. Os acontecementos complícanse cando a tripulación se converte en refén e sae a relucir o pasado pouco honorable do capitán durante a guerra.

Los bienes de este mundo

Irène Nèmirovsky. Salamandra
Ambientada en Francia en vésperas da Primeira Guerra Mundial ata a ocupación alemá, conta a historia Pierre Hardelet, un membro dunha rica e respectada familia burguesa do norte de Francia que decide casarse con Agnes, a pesar da oposición familiar.

Blancanieves debe morir: dos asesinatos, una condena y un muro de silencio

Nele Neuhaus. Maeva
Nuns días de novembro coinciden varios feitos: o achado dun corpo nun aeroporto alemán, unha saída do cárcere e a desaparición dunha rapaza. Unha historia na Alemaña actual.

A boca chea de terra

Branimir Scepanovic. Rinoceronte
Impresionante novela sobre un home diagnosticado dunha enfermidade terminal que decide poñer fin á súa vida.






La boda de Kate

Marta Rivera de la Cruz. Planeta
Kate Salomon leva unha existencia tranquila nunha casa de Ribanovaas. Rexenta unha librería e herdou unha pequena fortuna despois da reedición das pouco exitosas novelas do seu tío. Pero o día do seu 71 aniversario...

La campana de Islandia

Halldór Laxness. RBA.

Premio Nobel de literatura en 1955. Este libro é parte dunha triloxía formada por "La campana de Islandia", "La doncella de la luz" e "Fuego en Copenhague". Unha obra clásica que se desenvolve seguindo as pautas da tradición épica das sagas islandesas medievais. A acción transcorre en Islandia, no século XVIII, e trata do desexo e a necesidade da poboación islandesa de obter a independencia de Islandia fronte a Dinamarca, a través de dous personaxes, o agricultor Jón Hreggvidsson e a fermosa e forte Snaifrídur. A novela é rica en matices e a acción discorre lentamente, no medio de descrições, longas viaxes, conversacións, argumentos complexos, poemas das sagas islandesas, etc.



Canadá

Richard Ford. Anagrama

Dell Parsons ten quince anos cando sucede algo que cambiará para sempre a súa vida: os seus pais (ela profesora e el militar) van ao cárcere por roubar un banco o que o obrigará a fuxir ao Canadá.

Canta Irlanda: un viaje por la isla esmeralda

Javier Reverte. Plaza & Janés

Un relato sobre Irlanda: a súa cultura, a súa paisaxe, as súas tradicións, costumes, artistas, lendas, música... Todo o bo e o malo deste país, narrado por un viaxeiro incansable namorado desta terra.

Carne de Leviatán

Chus Pato. Galaxia

Poemario con referencias mitolóxicas ao servizo da reflexión.

Las chicas de campo

Edna O'Brien. Errata naturae

Na Irlanda rural dos anos 50, dúas adolescentes prepáranse para saír ao mundo.

Chovida do ceo

Alfredo Conde. Xerais

O comisario Salorio investiga o caso dunha moza que aparece morta na praza da Quintana despois de caer do tellado da igrexa.

El cielo en un infierno cabe

Cristina López Barrio. Plaza & Janés

Este título é parte dun soneto de Lope de Vega que lle acae moi ben á temática amorosa e histórica desta novela, segundo o cal, amar leva consigo moita felicidade pero tamén pode levar desgrazas. Na primeira parte está narrada por Berenguela, que desde o estrado da Inquisición narra a historia de Bárbara e Diego. Na segunda parte a narradora é a propia Bárbara que nos conta a historia que a levou aos alxubes do Santo Oficio en Toledo.



El color de los sueños

Ruta Sepetys. Maeva

No Barrio Francés de Nova Orleáns en 1950 vive Josie, unha adolescente filla dunha prostituta, que aspira a saír dese mundo de miseria e chegar a ser universitaria. Consegue un traballo nunha librería onde co tempo comeza a ver unha saída á súa situación, pero todo parece complicarse cando súa nai parece ter algo que ver na morte dun home.

Coral Glynn

Peter Cameron. Libros del asteroide 1950, Coral Glynn encontra traballo como coidadora dunha anciá enferma e a través dela coñece ao seu fillo Clement co que inicia unha historia de amor.

Cuando las palomas cayeron del cielo


Sofi Oksanen. Salamandra

Historia de intriga e amor en Estonia no marco da Segunda Guerra Mundial.

O curioso mundo das persoas normais

Xosé Monteagudo. Galaxia

Para Tomás o normal é o máis sorprendente, o seu mundo está entre as catro paredes do hospital-manicomio no que vive. Só coñece o exterior polas referencias doutros, que entran e saen do hospital.



O curmán Pons

Honoré de Balzac. Toxosoutos

Tradución ao galego dun clásico da literatura universal do que o propio Balzac dixo que era un dos libros máis fermosos que escribira.

Doce cuentos peregrinos

Gabriel García Márquez. Plaza & Janés

Relatos que o autor empezou a escribir na súa estada en España, aló polo ano 1992. O tema de fondo en todos é intentar reflectir as vivencias das/os latinoamericanas/os como inmigrantes en Europa. En cada un deles narra historias cheas de realismo fantástico.



Espiral de sombras

Xavier Seoane. Tambo

Seoane é un recoñecido poeta galego e este libro confirma o seu talento.

Estoy mucho mejor

David Foenkinos. Seix Barral

É unha vida resumida nunha dor de costas que quebra, que deixa en suspenso a felicidade, que conmove a aqueles que non poden facer nada por solucionar os problemas, porque somos nós os que necesitamos unha nova mirada. É a historia dos nosos propios segredos.



Estrela do norte

Luís Rei Núñez. Ilustracións de Fernando Babío. Faktoría K de Libros. *Poemario que bebe da tradición popular e que recolle materiais de traballos anteriores seus. Un volume amplo, dividido en cinco seccións, no que dialoga con outras voces da nosa tradición poética: Rosalía, Pimentel, Manuel Antonio...*



Os fillos do mar

Pedro Feijoo. Xerais

Simón Varela, arquitecto vigués, recibe a chamada de Isabel Llobet, unha atesourada muller pertencente a unha das familias máis influentes da cidade de Vigo, para que acometa os traballos de restauración dunha parte dos xardíns da súa casa. A partir deste feito a acción é trepidante, convertendo a Simón no heroe dunha investigación que canalizará toda a súa vida.

La firma de todas las cosas

Elizabeth Gilbert. Suma de Letras

O poder de superación de Henry Whittaker permitíralle ascender na escala social. Dun simple grumete, chegará a ser un dos comerciantes máis influentes de principios do século XX. Casado con Beatrix Whittaker, unha estrita holandesa de boa familia que sabe tanto de botánica como calquera dos homes, forman un matrimonio singular. Cada noite reúnen na súa casa os mellores talentos científicos da época. A filla do matrimonio Whittaker, Alma, asiste cada noite, desde moi pequena, a estas ceas saciando, así, a súa sede de coñecementos.

El guardián invisible

Dolores Redondo. Destino

En Navarra, no Val do Baztán, unhas adolescentes aparecen asasinadas seguindo un estraño ritual.



Habíamos ganado la guerra

Esther Tusquets. Bruguera.

Relato excepcional, con trazos autobiográficos, da España que gañou a Guerra Civil. Incontestables calidade literaria e sinceridade vital.

Historia de dos ciudades

Charles Dickens. Cátedra

Unha novela histórica sobre a Revolución francesa e a vida nesa época. Desenvólvese entre dúas cidades: Londres e París. Estamos no ano 1775, a moza Lucie Manette e o señor Lorry van a Francia a rescatar ao pai de Lucie, a quen crían morto...



Destacan as descrições de personaxes e de lugares, xunto a unha grande ironía ao describir determinados feitos. Presenta unha crítica social e unha reprobação ás malas condicións de vida das clases máis baixas, a como eran oprimidas polos poderosos.

Unha obra clásica da literatura universal, de espías e conspiradores, de heroes e fracasados, de conflitos sociais e de vinganzas, pero tamén de amor e de amizade.



O home que puido reinar e outros contos


Rudyard Kipling. Urco

Escolma de contos góticos traducidos ao galego.

El increíble viaje del faquir que se quedó atrapado en un armario de Ikea

Romain Puértolas. Grijalbo

Unha historia de humor sobre Europa e a inmigración ilegal, con final feliz.



Kid Salvaxe

Carlos G. Reigosa. Xerais

Un bo libro para coñecer o lado poético dun autor, que, se cadra, é máis coñecido pola súa obra narrativa.

El librero de París y la princesa rusa

Mary Ann Clark Bremer. Periférica

No París na década dos 60, atópanse unha princesa rusa e un libreiro xudeu, ambos entaboa unha relación, ámanse a través dos libros. Preciosa historia de amor.



El libro de la señorita Bunclé

D.E. Stevenson. Alba

Barbara Bunclé provoca unha gran conmoción no seu pobo cando decide escribir, baixo pseudónimo, un libro sobre os seus veciños poñendo ao descuberto todos os seus segredos, manías e melancolías. Unha novela deliciosa, cómica e enxeñosa.

La lista

Frederick Forsyth. Plaza & Janés
Outra novela trepidante deste autor, nesta ocasión un ex-marine, experto no mundo árabe, ten que atopar ao “Predicador”, un dos terroristas máis buscados do mundo, un dos ideólogos e instigador do islamismo radical.

Maneiras de querer: obra poética (1978-2005)

Vicente Araguas. Espiral Maior
A poesía de Vicente Araguas reunida neste volume que comprende a súa produción poética desde 1978 a 2005.



Maternosofía

Inma López Silva. Galaxia
Diario da escritora que vive por primeira vez a experiencia da maternidade.

Mary Mary

James Patterson. Zeta
Novela negra da serie de Alex Cross, detective do FBI, ideal para amantes do xénero.

Una mezcla de flaquezas

Robertson Davies. Libros del Asteroide
A apertura dun testamento que sorprende á familia da falecida é o comezo dunha análise da sociedade canadense dos anos cincuenta. As diferenzas e coincidencias coa inglesa e as reaccións diante dun feito novidoso. Un libro cheo de ironía totalmente de actualidade.






La muerte del corazón

Elizabeth Bowen. Impedimenta
No Londres de entreguerras, Portia Quayne, orfa de dezaseis anos, pasa por unha crise afectiva que a levará a namorarse dunha persoa que non lle convén.

La muerte del pequeño Shug

Daniel Woodrell. Alba editorial
Novela negra protagonizada por Shug Atkins, un rapaz de 13 anos que vive aterrizado por un pai violento e drogado que o maltrata e o obriga a delinquir para sobrevivir.



Nimbos

Xosé María Díaz Castro. Galaxia
Poemario do autor homenaxeado este ano con motivo do Día das Letras Galegas. Nimbos é a súa obra máis importante. Consta de 32 poemas distribuídos en sete apartados denominados: Pórtico, Noite, Lus, Espranza, Milagre, Soño e Ferida. Segundo Carballo Calero, “Xosé María Díaz Castro restaurou a poesía humana” e para Fernández del Riego “a súa lírica é unha das máis representativas do século XX, sendo fundamente galega, polo espírito que a informa, resulta universal pola altura e a verdade que encerra”.

Unha das características da súa poesía é a forte unión coa terra, destacando o poema Penélope no que mostra unha Galicia auténtica. Este poema é o que comeza cos versos:

*Un paso adiante e outro atrás, Galiza,
e a tea dos teus soños non se move.
A espranza nos teus ollos se espreguiza.
Aran os bois e chove...*

NW London

Zadie Smith. Salamandra

Retrato dun barrio de clase traballadora e multirracial de Londres a través da experiencia persoal de catro amigos de trinta e tantos anos aos que a vida tratou de maneira desigual.



Ojalá estuvieras aquí

Francesc Miralles. Vergara.

Novela dun recoñecido articulista catalán, que nos propón unha lectura amena para un tempo de lecer e goce ao aire libre.

Once maneras de sentirse solo

Yates, Richard. RBA

Once relatos curtos que retratan xente de clase media americana nos anos 50.



Onte

Agota Kristof. Rinoceronte

Relato poético e sombrío da realidade urbana, da rutina de cada día da man dun obreiro nunha fábrica, nun país que non é o seu.

Operación Dulce

Ian McEwan. Anagrama

Inglaterra, 1972. A universitaria Serena Frome é recrutada polos servizos secretos británicos coa misión de crear unha fundación para impulsar a novelistas con talento.



Prisioneros en el paraíso

Arto Paasilinna. Anagrama

Unha divertidísima e particular historia de náufragos: grupo formado por enfermeiras, médicos e leñadores cooperantes na India enviados pola ONU, un xornalista, que é o narrador, e a tripulación do avión, que cae ao mar cerca dunha illa de Indonesia. A partir de aquí o enxeño e as achegas de cada un deles converterá a parte da illa onde viven nun lugar habitable...tanto, que moitos dos membros do grupo non desexan regresar á civilización.



Qué fue de Sophie Wilder

Christopher R. Beha. Libros del asteroide

Charlie Blakeman, un escritor novo, trata de descubrir que foi da moza que tivo na universidade.

Raíz da fenda

Berta Dávila. Xerais

Poemario sobre as feridas que nos atravesan e que nos cambian para sempre.



As rapazas de Xan

Manuel Iglesias Turnes. Xerais.

Novela coral ambientada na posguerra que recrea unha Galicia rural que xa non existe e na que destaca a historia de amor protagonizada por Carmela e Manuel.

Remontando o río

Helena Villar Janeiro. Edición da autora

Orixinal libro de poemas que naceu dunha viaxe da autora polo centro de Europa na que percorreu en barco o Danubio.

El río del Edén

José María Merino. Alfaguara

Premio Nacional de literatura 2013. Daniel e o seu fillo Silvio, que sofre síndrome de Down, recorren o Alto Tello para espaxer as cinzas da súa esposa e nai; ao longo do camiño falan da defunta, da morte e da vida, do presente e do pasado. Conmovera historia sobre o amor, a traizón e o arrepentimento, chea de simbolismos.

La rubia de ojos negros

Benjamin Black. Alfaguara

John Banville, Premio Príncipe de Asturias das Letras 2014, adopta o alcume de Benjamin Black cando escribe novela negra e nesta concretamente resucita ao mítico detective de Raymond Chandler, Philippe Marlowe para investigar un novo caso.



Os santos nunca dormen

Teresa González Costa .Xerais

Un médico psiquiatra publica o diario deixado por un dos seus pacientes. Actua-liza antigos mitos e lendas, nun universo cheo de simbolismo, onde se reflexiona sobre o que é diferente.



Segunda lingua

Yolanda Castaño. Fundación Nova-caixagalicia

Poemario galardoado co Premio de poesía Fundación Novacaixagalicia.

Unha nova aposta na que fala do amor, das circunstancias do día a día e a visión do propio oficio creador.

Sete Caveiras

Elena Gallego Abad. Xerais

Nesta novela negra ambientada en Vigo, unha periodista descobre o cadáver dun motorista aboiano nas augas do porto.

Sobre ruínas

Xesús Rábade Paredes. Alvarellos Editora

Singular obra poética, estruturada en catro partes, que nos fala dos soños do poeta, do exilio e a distancia ou de referencias históricas.

Tierra de nadie

Antonio Pennacchi. Salamandra

As vicisitudes dunha familia italiana ao longo do século XX

La trama nupcial

Jeffrey Eugenides. Anagrama

Triángulo amoroso conformado por Madeleine, Mitchell e Leonard, tres universitarios no seu último ano de carreira.



El tren pasa primero

Elena Poniatowska. Alfaguara

Unha mestura de feitos reais e novelados partindo da folga mexicana dos traballadores dos camiños de ferro entre 1958 e 1959. Historia social e privada con especial atención ao mundo laboral e á vida das mulleres, que confirma a Elena Poniatowska, Premio Cervantes 2013, como unha das mellores escritoras na actualidade.

Tú, simplemente tú

Federico Moccia. Planeta

Continúa a historia romántica entre Nico e María que o autor empezara en “Ese instante de felicidad”.

El valle del asombro


Amy Tan. Planeta

Unha historia de nais e fillas no marco do Shangai de principios do século XX.

A viaxe de Gagarin

Agustín Fernández Paz. Xerais

Emotiva historia na que Miguel Mendiguren, un home duns sesenta anos, lembra a súa adolescencia e primeira mocidade, na Coruña dos anos 60. Chamábanlle Gagarin por un premio que gañou de neno por un traballo escolar sobre esa primeira viaxe espacial e pola súa afección por esta temática. Nesta obra, Agustín Fernández Paz, coa mestría que o caracteriza e a súa excelente prosa, irá contando a vida de Gagarin e a súa familia (unha familia sinalada pola policía) nestes duros anos do franquismo; ao mesmo tempo que nos narra unha fermosa historia de amor.





La vida era eso

Carmen Amoraga. Destino
Premio Nadal de Novela 2014. Giuliana queda viúva e decide superar a tristura rendéndolle unha homenaxe a través das redes sociais, unha das paixóns do seu home. No Facebook, relata todo o que sente sobre a morte do seu grande amor.

A voz do vento

Pemón Bouzas. Xerais
Unha novela ambientada en Cangas, no contexto do ataque de piratas turcos de 1617 e que afonda na figura de María Soliño (Soliña).

LIBROS DE COÑECEMENTOS PARA MOZAS/OS E ADULTAS/AS

50 plantas perfectas

Silvia Burés. Larousse

50 plantas que temos, normalmente na casa, os seus cuidados: transplante, pragas, abono, etc.



Abecedario das Mantenzas

Fausto Galdo. Xerais

Un percorrido por toda a xeografía gastronómica galega de onte e de hoxe, sen deixar de lado toda a cultura que encerra a arte culinaria, presente tanto na tradición oral como na produción literaria desde Alfonso X o Sabio ata Cunqueiro.

A alternativa está aquí


María Reimóndez. Xerais

Un libro que fala das “alternativas” desde os movementos sociais, a cooperación, o feminismo, a lingua... incidindo, sobre todo, na necesidade de mudar as cousas, pasando por priorizar as necesidades das persoas, máis que as dos gobernos e as multinacionais.

AutoCAD 2014

Antonio M. Reyes Rodríguez. Anaya

Manual imprescindible para o deseño e delineado en 2D e o modelado en 3D.



La brújula interior: conocerse a uno mismo es fuente inagotable de éxito duradero

Álex Rovira Celma. Empresa activa
Facendo uso do estilo epistolar, Álex Rovira vai analizando, carta a carta, reflexións sobre como ser mellor persoa, mellor profesional, mellor cidadán grazas ao coñecemento de nós mesmos.

CeroCeroCero

Roberto Saviano. Anagrama
Saviano investiga os secretos do tráfico internacional de cocaína.

Chiripas de la Historia: una antología de las casualidades más increíbles que han forjado el destino de la Humanidad

Gonzalo Ugidos. La esfera de los libros
Curiosidades que cambiaron o curso da Historia.



A cocina dos Cunqueiro

Elvira González-Seco Seoane. Fotografías de Soledad Felloza. Galaxia
Selección de receitas dos dez cadernos que a autora legou ao seu fillo, César Cunqueiro. Cocina galega, española e internacional que Elvira transformaba cun xeito novo, moi persoal.



Comer animais

Jonathan Safran Foer. Seix Barral

Cando comemos un entrecosto, somos conscientes do que sufriu o animal?, ou das condicións de vida dos parrulos dos que provén ese delicioso foie?, despois de ler este libro, seguro que vixiaremos un pouco máis os nosos hábitos alimenticios.

La crianza feliz

Rosa Jové. La esfera de los libros

Segundo a autora, “se cando un neno presenta un problema pensas que é culpa del, ou que é malvado, ou que che está a tomar o pelo... Se é así este non é o teu libro, pero recoméndoche que continúes a ler”. Un libro co que os pais e nais aprenderán a desenvolver o afecto saudable que todos os nenos e nenas necesitan.



Días de Cuba

Xosé Neira Vilas. Galaxia


Nesta obra Neira Vilas lembra as súas vivencias en Cuba, desde os anos 1961 a 1992. Dividida en catro partes: na primeira fala dos diferentes labores profesionais realizados polo escritor; na segunda as súas relacións de amizade con, entre outros, escritores coma Nicolás Guillén, Alejo Carpentier e Roberto Fernández Retamar; na terceira presenta “Cartas (máis ou menos intemporais) a Luís Seoane” e a cuarta “Homes na Historia”: José Martí, Ernesto Che Guevara e Fidel Castro. Péchase o libro cos apartados de agradecemento a Cuba e con discursos do autor.



Los elementos: una exploración visual de todos los átomos que se conocen en el universo

Theodore Gray. Vox

Atractivo libro sobre os elementos químicos, ilustrado con preciosas fotografías a toda cor.



Ensaladas: a frescura da terra

Mariona Quadrada. Baía.

Máis que útil libro de cociña, apto incluso para desastres na cociña. Ofrece unha gran variedade de pratos frescos, sinxelos e que non manchan demasiado a cociña. Utilísimo.

Entre el sentido común y el desvarío

Rosa Regàs. Nowbooks

Autobiografía da escritora, na que se mesturan os seus recordos da infancia coa República e a Guerra Civil.



Escrito en cafeterías

Miguel Anxo Murado. Galaxia

Libro de artigos periodísticos arredor da actualidade e a vida escritos coa boa prosa que caracteriza a este autor.

Estructura social y desigualdad en España


José S. Martínez García. Catarata

Os problemas das clases sociais españolas, sobre todo tras a crise. Os cambios da estrutura social e o seu empobrecemento.

Focus: desenvolver la atención para alcanzar la excelencia

Daniel Goleman. Kairós

O autor achéganos á forma de conseguir a capacidade de atención, un dos principais talentos que escasea neste momento. Toca vivir onde as distraccións imperan nas nosas vidas.



La Guerra Civil española

Hugh Thomas. Debolsillo

Trata o acontecemento histórico, desde os antecedentes ao conflito ata a derrota da República, desde o punto de vista do historiador inglés.

Guía breve para tener un perro feliz

César Millán. RBA

98 leccións do adestrador de cans, César Millán, axudan a elixir o can máis apropiado para a nosa casa, coñecer a psicología canina...



Hay alternativas: propuestas para crear empleo y bienestar social en España

Vicenç Navarro, Juan Torres López e Alberto Garzón Espinosa. Prólogo de Noam Chomsky. Sequitur.

Os autores, politólogos e economistas, dan un paseo polos problemas económicos mundiais, europeos e tamén peninsulares, desde unha perspectiva distinta á oficial. Escrito cun estilo ameno e claro, está estruturado en capítulos de fácil comprensión para aqueles non habitados a este tipo de vocabulario: salarios, déficit, débeda, pib, modelo produtivo e financiamento son comentados e definidos dun xeito transparente, contribuíndo a divulgar propostas diferentes.

La historia del cuerpo humano: evolución, salud y enfermedad

Daniel E. Lieberman. Pasado & Presente

Nesta obra o autor infórmanos de como os últimos seis millóns de anos conformaron cada parte do noso corpo, pero ao mesmo tempo a historia da evolución humana sérvelle para explicar como poderíamos modificar parte do seu futuro.

A idea na palabra: textos e documentos recuperados


Manuel LUGRÍS FREIRE. Transcripción dos textos A. C. Irmáns Suárez Picallo. Deputación da Coruña

Fotobiografía de LUGRÍS FREIRE con documentación inédita de grande interese histórico.

Jardín ecológico fácil

Catherine Delvaux. Larousse

Libro con máis de 200 fichas de cultivo de plantas aptas para o xardín ecolóxico. Con técnicas, trucos e táboas de eficacia probada.



Manual completo de costura

El Drac

Todas as técnicas de costura explicadas paso a paso con detalladas fotografías.



Me mudo de sistema

Cecilia Monllor. Primera Persona

Un libro sobre como provocar e xestionar os cambios na vida das persoas.

Modernismo en A Coruña y su área metropolitana = Modernismo na Coruña e a súa área metropolitana = Modernism in A Coruña and the Metropolitan area

Plan de dinamización de produto turístico da Coruña e área Metropolitana

Un libro que amosa unha parte do noso patrimonio arquitectónico que está moi preto de nós e que ás veces non coñecemos.



El mundo en tus manos

Elsa Punset. Destino

Sabes como evitar a epidemia de soidade de que axexa ao noso século?. Este libro invita a descubrir as claves da nosa intelixencia social que nos permita convivir e prosperar.



No estamos locos

El Gran Wyoming. Planeta

Relato humorístico do presente momento político e social que vivimos.

Piratas de lo público

Antón Losada. Deusto

“La sanidad pública, la educación pública o la Seguridad Social suponen los mayores éxitos de nuestra historia como sociedad y como país..”. Con estas palabras inicia Antón Losada esta obra na que realiza unha defensa do sistema público español.



La Primera Guerra Mundial contada para escépticos

Juan Eslava Galán. Planeta

O autor achéganos, dunha forma diferente á habitual, á historia, con anécdotas curiosas e un ton humorístico e irónico.

Una revolución elegante: España 1931


Rafael Cruz. Alianza

Período da historia de España que comeza no ano 1930 e remata a finais do 1931 co nomeamento do primeiro presidente da República.

Reinas malditas

Cristina Morató. Plaza & Janés

Un libro no que se conta a complicada vida que tiveron a Emperatriz Sissi, Alejandra Romanov, Cristina de Suecia, Eugenia de Montijo, Victoria de Inglaterra e María Antonieta. Lonxe de ser un conto de fadas, cada unha delas tiveron que levar a pesada carga dun imperio.



Rolling Stones 50x20

Editado por Chris Murray. Anaya

Álbum fotográfico homenaxe aos 50 anos de carreira do emblemático grupo de rock.



Rosalía de Castro: imaxe e realidade

Fernando Pereira Bueno. Xerais

Diferentes retratos realizados, ao longo dos anos, por diversos artistas plásticos. Neles móstranse as súas múltiples facetas.

Los secretos del día D

Larry Collins. Planeta

Un relato detallado dun dos episodios máis importantes da Segunda Guerra Mundial.

Los siete pecados de la memoria

Daniel L. Schacter. Ariel

O autor explícanos os erros no funcionamento da memoria comparándoos con sete defectos: distracción, bloqueo...





Vicente Ferrer: rumbo a las estrellas, con dificultades

Manuel Rivas. RBA

Vicente Ferrer, a súa vida e obra social, contada por Manuel Rivas a través das historias dos homes e mulleres axudados por el.



Yo fui a EGB

Javier Ikaz, Jorge Díaz. Plaza y Janés

Un percorrido nostálxico polos usos, costumes, marcas, programas, cancións, comida, etc. dunha época que marcou a varias xeracións.

DVD PARA MOZAS/OS E ADULTAS/OS

5 metros cuadrados: ¿qué necesitas para ser feliz?

Dirixida por Max Lemcke. Protagonizada por Fernando Tejero, Malena Alterio e Emilio Gutiérrez Caba. A Contracorriente

Álex e Virginia compran un piso, sobre plano, e cos seus aforros pagan a entrada e aceptan unha hipoteca a 40 anos. Un día, inesperadamente, precintan a zona e paran as obras.



Amor

Dirixida por Michael Haneke. Protagonizada por Jean-Louis Trintignant, Emmanuelle Riva e Isabelle Huppert. Cameo

Georges e Anne, cos oitenta cumpridos, son dous profesores de música clásica xubilados que viven en París. O amor que une á parella durante tantos anos vese posto a proba cando teñen que afrontar á inesperada enfermidade de Anne.

Argo

Dirixida por Ben Affleck. Protagonizada por Ben Affleck, John Goodman e Alan Arkin. Warner Bros. Entertainment España

Irán, ano 1979, a embaixada dos Estados Unidos en Teherán é ocupada por seguidores do Ayatolá Jomeini. A CIA e o goberno canadense organizan unha operación para rescatar a seis diplomáticos estadounidenses.



The artist

Dirixida por Michel Hazanavicius. Protagonizada por Jean Dujardin e Bérénice Bejo. Cameo

Hollywood, 1927. George Valentin, unha grande estrela do cine mudo, ve perigar a súa carreira coa chegada do cine sonoro.

Corto Maltés: la balada del mar salado

Richard Danto, Liam Saury (director). StudioCanal Produktion

Baseado na serie de historias gráficas de aventuras desenvolvidas por Hugo Prat e protagonizadas polo mariñeiro denominado Corto Maltés. Esta aventura xira ao redor dun personaxe misterioso chamado: "O monxe".



Criadas y señoras

Dirixida por Tate Taylor. Protagonizada por Emma Stone, Viola Davis e Octavia Spencer. Dream Works

Baseada no best seller de Kathryn Stockett. É unha historia sobre un grupo de mulleres dos ano 60 que fan a súa amizade ao redor dun libro secreto, que rompe coas regras sociais poñéndoas a elas en perigo.

Downton Abbey 3ª temporada

Dirixida por Brian Kelly. Protagonizada por Hugh Bonneville, Maggie Smith e Elizabeth McGovern. Universal Pictures Iberia

Esta premiada serie británica ambientada entre 1901 e 1910, ofrécenos o retrato dunha época e dun estilo de vida, a través da aristocrática familia Crawley e da súa servidume.



Dyango desencadenado

Escrita e dirixida por Quentin Tarantino. Protagonizada por Jamie Foxx, Christoph Waltz e Leonardo DiCaprio. Sony Pictures

En Texas, King Schultz, un caza recompensas alemán, promételle a liberdade ao escravo negro Django se o axuda no seu traballo.

George Harrison: living in the material world

Dirixida por Martin Scorsese. Avalon Documental sobre a vida profesional e familiar de George Harrison, con imaxes e testemuños inéditos sobre o antigo Beatle.

Jane Eyre

Dirixida por Cary Fukunaga, baseada na novela de Charlotte Brontë. Protagonizada por Mia Wasikowska, Michael Fassbender e Judi Dench. A Contracorriente

Jane Eyre, unha rapariga criada nun orfanato, é contratada por Edward Rochester para traballar como institutriz en Thornfield House.



La invención de Hugo

Dirixida por Martin Scorsese. Baseada no libro de Brian Selznick. Interpretada por Ben Kingsley, Sacha Baron Cohen e Asa Butterfield. Paramount

Hugo é un neno orfo, reloxeiro e ladrón, que vive entre os muros dunha estación de tren no París dos anos 30.



Madres e hijas

Escrita e dirixida por Rodrigo García. Protagonizada por Naomi Watts, Annette Bening e Samuel L. Jackson. Vértice

Vidas de mulleres que se cruzan: Karen non esquece á filla que, na súa adolescencia, deu en adopción pola insistencia da súa nai. Elizabeth, unha muller aparentemente segura de si mesma pero que esconde un baleiro interior. Lucy, unha moza que quere ser nai a toda costa.

Mi semana con Marilyn

Dirixida por Simon Curtis. Protagonizada por Michelle Williams, Eddie Redmayne e Kenneth Branagh. Savor
Baseada nas súas memorias, Colin Clark cóntanos a súa especial relación coa actriz Marilyn Monroe nos días en que traballaba coma asistente de dirección na rodaxe da película "O príncipe e a corista".

La vida de Pi

Dirixida por Ang Lee. Protagonizada por Suraj Sharma, Irrfan Khan e Gérard Depardieu. Twentieth Century Fox

Tras un naufraxio no océano Pacífico, o mozo hindú Pi atópase nun bote salvavidas cun único supervivente: un tigre de bengala.



CD PARA MOZAS/OS E ADULTAS/OS

Cantares Galegos

Rosalía de Castro/ Resonet. Ouvirmos *Os poemas da obra de Rosalía musicados dun xeito respectuoso e delicado, tomando dos cancioneiros tradicionais as melodías e cantos nos que no seu día inspiraron a Rosalía.*



CoraSons

Kalandraka

Libro disco con 19 cancións de diversos artistas como Najla Shami, Uxía ou Budiño.

Despois de ti, a chuvia

Emilio Rúa, Xosé Carlos Caneiro.
Galaxia

Libro disco no que Emilio Rúa canta poemas de Xosé Carlos Caneiro.



Galiza

Kepa Junkera. Fol Música

Junkera busca a colaboración de artistas galegos xa consagrados coma Budiño, Luar na Lubre, Leilía e outros.

Nas tardes escuras

NARF. El patito editorial

Libro disco con cancións baseadas en poemas de Rosalía de Castro e musicadas por Fran Pérez “NARF”.



Periferia

Ulrica

Primeiro álbum do grupo coruñés Ulrica.



Zyryab

Paco de Lucía. Universal Music

Este disco conta coa presenza de grandes músicos coma Manolo Sanlúcar, Chick Corea ou Tino de Giraldo.







Concello de Oleiros

Concellería de Cultura e
Normalización Lingüística

www.oleiros.org



Bibliotecas Públicas
Municipais

Premio Nacional María Moliner 2011

**CATÁLOGO DO FONDO
BIBLIOGRÁFICO ▼**

<http://bmpg.rbgalicia.org/oleiros>

Visita o noso blog:
<http://bibliotecasoleiros.blogspot.com>

Síguenos en twitter @bibloleiros